

# REGULAMENTO

CIRCUÍTO CORUÑA **CORRE 2023**

## ÍNDICE

<b>CIRCUÍTO, CATEGORÍAS E INSCRICIÓNS</b> .....	1
ART. 1. ORGANIZACIÓN .....	1
ART. 2. CIRCUÍTO .....	1
ART. 3. CATEGORÍAS .....	2
ART. 4. INSCRICIÓNS.....	3
ART. 5. COTAS E CHIP .....	4
ART.6. DORSAIS .....	6
<b>DESCUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS</b> .....	6
ART. 7. DESCUALIFICACIÓNS .....	6
ART. 8. RECLAMACIÓNS.....	7
ART. 9. CLASIFICACIÓNS DO CIRCUÍTO .....	7
ART.10. PREMIOS .....	9
<b>CONDICIÓNS XERAIS, PUBLICIDADE E INFORMACIÓ</b> .....	11
ART. 11 CONDICIÓNS XERAIS .....	11
ART. 12. PUBLICIDADE E INFORMACIÓ .....	12

## CIRCUÍTO, CATEGORÍAS E INSCRICIÓNS

### ART. 1. ORGANIZACIÓN

O Circuito Coruña Corre está organizado polo Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña coa colaboración dos clubs de atletismo da cidade e distintas entidades veciñais, baixo a normativa da Federación Galega de Atletismo (FGA).

O Comité Organizador constituirase antes da primeira carreira.

### ART. 2. CIRCUÍTO

O X Circuito Coruña Corre **iniciarase o 18 de marzo de 2023**, coa XII Carreira Popular Torre de Hércules, e **finalizará o 26 de novembro de 2023**, coa XI Carreira Popular de Novo Mesoiro.

Está composto por un total de 7 carreiras (Ver Anexo I):

CARREIRA	DATA
XI CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES	18/03/2023
XIV BAIXADA POPULAR DE CROSS SAN PEDRO DE VISMA	07/05/2023
X CARREIRA POPULAR OS ROSALES	21/05/2023
VII CARREIRA POPULAR MATOGRANDE	25/06/2023
X CARREIRA POPULAR VOLTA A OZA	10/09/2023
IX CARREIRA POPULAR VENTORRILLO	22/10/2023
XI CARREIRA POPULAR NOVO MESOIRO	26/11/2023
GALA X CIRCUÍTO CORUÑA CORRE	Data por determinar

As distancias que se van percorrer, en cada caso, serán controladas e cronometradas polos/as xuíces/as que designe a organización, utilizando, en calquera caso, un sistema de cronometraxe electrónica.

Publicarase en cada carreira o circuito para percorrer para cada unha das categorías, ademais das características básicas do trazado e tipos de firme polos que transcorre cada un.

Os únicos vehículos que poderán seguir as probas serán os designados pola organización.

A organización do circuito resérvase o dereito de modificar os percorridos por causas de forza maior, así como de adiar ou suspender a organización dalgunha proba, sen que exista dereito a reclamar ningunha compensación, parcial nin total, por parte das persoas rexistradas, agás que a suspensión afecte a máis do 50% do total de probas que integran o circuito.

### ART. 3. CATEGORÍAS

Establécense as mesmas categorías segundo os regulamentos IAAF, RFEA, FGA e, promocionalmente, engádesse a categoría Peques.

CATEGORÍAS MAIORES DE 18 ANOS   TEMPADA 2023	
Sub 20	Nados/as en 2004 e 2005
Sub 23	Nados/as en 2001, 2002 e 2003
Sénior	Nados/as desde 2000 ata 34 anos
Máster 1	De 35 a 44 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuíto
Máster 2	De 45 a 54 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuíto
Máster 3	De 55 a 64 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuíto
Máster 4	A partir de 65 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuíto
Atletas con discapacidade:	Nados/as en 2005 e anos anteriores

**Categorías Máster:** competirán na que lle corresponda por idade cumprida no comezo da primeira carreira que conforma o circuíto e manterase a dita categoría ata a última proba. Quen se inscriba en calquera das carreiras do circuíto acollerase a esta mesma regra, co fin de que todos e todas participen en igualdade de condicións.

CATEGORÍAS MENORES DE 18 ANOS   TEMPADA 2023	
Sub 18	Nados/as nos anos 2006/2007 Que fan durante o ano 17 e 16 anos.
Sub 16	Nados/as nos anos 2008/2009 Que fan durante o ano 15 e 14 anos.
Sub 14	Nados/as nos anos 2010/2011 Que fan durante o ano 13 e 12 anos.
Sub 12	Nados/as nos anos 2012/2013 Que fan durante o ano 11 e 10 anos.
Sub 10	Nados/as nos anos 2014/2015 Que fan durante o ano 9 e 8 anos.
Peques	Nados/as nos anos 2016 e posteriores Menores de 8 anos.
Atletas con discapacidade <sup>1</sup>	Nados/as no ano 2015 e anteriores

<sup>1</sup> No caso de necesitar unha adaptación da categoría cómpre enviar a proposta por correo electrónico a [carreraspopulares@coruna.gal](mailto:carreraspopulares@coruna.gal) e será estudada pola organización.

Establécense **tres modalidades para persoas con discapacidade:**

- **Atletas en cadeira de rodas** que non teñan mecanismos nin engraxes que axuden á súa impulsión. Tan só está permitido o impulso cos brazos sobre o aro adherido á roda.
- **Discapacidades visuais.**
- **Discapacidades intelectuais.**

As persoas que queiran participar en calquera das categorías de discapacidade terán que acreditar a dita circunstancia (discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33% certificada) nos prazos de inscrición que estableza o Servizo Municipal de Deportes, enviando un correo electrónico a [carreraspopulares@coruna.gal](mailto:carreraspopulares@coruna.gal). A acreditación feita para o circuito será válida para todas as carreiras que o integran. En caso de non seguir este procedemento, a súa participación puntuará na categoría xeral.

#### ART. 4. INSCRICIÓN

Poderán participar atletas populares e federados/as. A inscrición efectuarase a través da web [www.coruna.gal/carreraspopulares](http://www.coruna.gal/carreraspopulares).

Existen **dúas posibilidades de inscrición:**

- A) Inscrición única ao Circuito.** Este tipo de inscrición xera automaticamente a inscrición en cada unha das carreiras, sen necesidade de confirmar a participación de xeito individual para cada carreira. **Esta modalidade de inscrición é a única forma de puntuar para o circuito e optar aos premios.**

#### CIRCUÍTO: INSCRICIÓN ÚNICA E DORSAL ÚNICO

O prazo para inscribirse no circuito comezará desde a data de publicación das presentes Bases na web municipal e rematará ás 23.59 h do domingo 14 de maio, data na que finaliza o prazo de inscrición para a 3.ª carreira do circuito, a X Carreira Popular Os Rosales, que se realizará o 21 de maio de 2023.

- B) Inscricións a cada carreira de forma independente.** Esta opción de inscrición obriga a se inscribir en cada carreira, desde a apertura de inscricións de cada carreira ata as 23:59 h. do domingo anterior á data de celebración da mesma.

Esta forma de inscrición **non puntúa para o global do circuito aínda que se participe en todas as carreiras do mesmo.**

Para garantir a correcta aplicación do sistema de puntuación, é imprescindible a inscrición con DNI para todas as categorías, incluídas as categorías de menores, de xeito que permita a identificación de forma individual e inequívoca de cada participante, e poder atender as posibles incidencias que se poidan producir durante a realización do circuito, e/ou na realización de cada unha das carreiras. Para menores de 14 anos que non dispoñan de DNI, a organización non poderá garantir a exactitude dos datos para os efectos de clasificacións e puntuacións nas diferentes opcións que contempla o regulamento.

Para a categoría de Peques, o Comité Organizador resérvase o dereito de limitar estas inscricións, se as razóns organizativas e de seguridade o requirisen.

Os/as menores de idade non federados/as deberán inscribirse co consentimento expreso do pai/nai e/ou titor/a. No suposto de menores de idade federados/as enténdese que a ficha federativa implica este consentimento.

## INSCRICIÓNS POR EQUIPOS

O prazo máximo para constituír e inscribir un equipo no circuíto **finalizará coa inscrición na 3ª carreira do circuíto (X Carreira Popular Os Rosales).**

### Equipos mixtos:

Para poder puntuar como Equipo Mixto deberán contar entre os seus integrantes tanto masculinos como femininos cun total mínimo de 3 e un máximo de 4.

Defínense 2 tipos de equipos mixtos:

- Equipos Mixtos Absoluto: equipos cuxos integrantes participan nas carreiras absolutas do circuíto.
- Equipos Mixtos Menores: equipos cuxos integrantes participan nas categorías Sub16 e Sub18.

### Familias:

Considérase unidade familiar a partir de 2 integrantes, e só con membros que se atopen na seguinte liña de parentesco: avós/as, pais/nais, netos/as, irmáns/ás, fillos/as e parella.

### Centro educativo:

Os rexistrados nas categorías de menores poden puntuar polo seu centro educativo na clasificación final do circuíto. Para iso é suficiente con que o participante seleccione o centro no formulario de inscrición.

A clasificación para o premio á modalidade de participación de centros educativos descríbese no art. 9. A participación nesta clasificación é independente do resto de equipos.

## ART. 5. COTAS E CHIP

INSCRICIÓN AO CIRCUÍTO		
Concepto	Maiores de 18 anos en xeral	Persoas desempregadas, +65 anos e Carné Xove
Cota	12,00 €	7,00 €
Chip	12,00 € *	12,00€ *
<b>Total</b>	<b>24,00 €</b>	<b>19,00 €</b>
<b>Inscrición (Cota e chip) para menores GRATUÍTA</b>		
<i>*Chip circuíto: Os participantes que merquen o chip para a presente edición poderán devolvelo ao remate da última carreira e recuperarán a fianza de 5€</i>		

INSCRICIÓN A CADA CARREIRA (DE FORMA INDEPENDENTE)		
Concepto	Maiores de 18 anos en xeral	Persoas desempregadas, +65 anos e Carné Xove
Cota	3,00 €	2,00 €
Chip refugable	2,00 €	1,00€
<b>Total</b>	<b>5,00 € / carreira</b>	<b>3,00 € / carreira</b>
<b>Inscrición (Cota e chip) para menores GRATUÍTA</b>		

## **COTA:**

Para as categorías Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, 2, 3 e 4:

A cota de inscrición para participar no circuío será de 12,00 €. As persoas desempregadas, +65 anos ou con Carné Xove terán un desconto de 5 €. Para acreditar estas circunstancias abondará cunha declaración responsable, que se entenderá feita marcando no formulario de inscrición esta opción. Todo iso sen prexuízo de que o concello poida facer comprobacións aleatorias posteriormente sobre a veracidade delas.

No caso de atletas que opten por inscribirse individualmente nunha carreira a cota será de 3,00 €. Para as persoas desempregadas, +65 anos ou con Carné Xove o custo da carreira individual será de 2,00 €.

En todos os casos haberá que sumarlle a cantidade correspondente ao chip, fóra de quen teña o chip en propiedade.

Para as categorías Sub 18, Sub 16, Sub 14, Sub 12, Sub 10 e Peques:

Para estas categorías, a inscrición no circuío, así como a de cada carreira individual, será gratuíta.

### **DESCONTOS para Equipos Mixtos:**

Os Equipos Mixtos que presenten novos participantes (que non participasen na edición anterior) terán un **50% de devolución da cota de inscrición de cada novo participante.**

## **CHIP:**

É **obligatorio dispoñer de chip** para participar, acceder ao sistema de cronometraxe e figurar nas clasificacións. Poderase elixir entre as seguintes opcións:

- **Ter un chip en propiedade** (chip amarelo Championship)
- **Mercar o chip:** Os/as participantes maiores de 18 anos que se inscriban no Circuíto de Carreiras, poderán adquirir o chip por un importe de 12,00 €. No caso de inscribirse carreira a carreira o custo do chip en propiedade será de 15,00€
  - a) Unha vez finalizado o circuío, quen compre o chip para o Circuíto Coruña Corre e o devolva, recibirá un aboamento de 5,00 €, na mesma tarxeta coa que se efectuou o ingreso.
  - b) O prazo para a devolución de chips finalizará 2 semanas despois da última carreira do ano e o prazo do aboamento finalizará 3 semanas despois da última carreira do ano, a XII Carreira Popular Novo Mesoiro que se realizará o 26 de novembro de 2023.
  - c) A perda do chip obrigará á adquisición dun novo ou ao uso de chip refugable. Todo iso sen dereito a bonificación.
- **Usar chip refugable** (de uso exclusivo para cada unha das carreiras). As persoas participantes que non queiran mercar o chip para todo o circuío poderán dispoñer dun para cada carreira que conforma o circuío, cun prezo de 2,00 € cada un. No caso de que a persoa participante sexa maior de 65 anos, beneficiaria do Carné Xove ou estea en situación de desemprego o prezo do alugueiro será de 1,00 €.

O chip, en propiedade ou alugado para todo o circuíto, ten que ir correctamente atado nos cordóns das zapatillas ou cunha banda á altura do nocello.

No caso dos/as menores, dispoñerán dun dorsal con chip incluído que deberán utilizar durante todo o circuíto.

Os chips refugables para cada unha das carreiras e os dos/das menores inscritos/as no circuíto irán incorporados ao propio dorsal.

## ART.6. DORSAIS

A inscrición dará dereito a un dorsal.

**As inscricións ao circuíto dispoñerán dun “dorsal único”,** que é necesario conservar para todas as carreiras. No caso de perda deberá comunicarse á organización enviando un correo a [carreraspopulares@coruna.gal](mailto:carreraspopulares@coruna.gal) e a súa reposición terá un coste de 1 €.

No caso de participar en **carreiras individuais, o dorsal será exclusivo para cada unha das 7 carreiras** que integran o circuíto. Cada dorsal levará impreso un código QR, único e personalizado para cada atleta, co que ao finalizar cada carreira cada participante poderá acceder aos seus tempos.

Para retirar o dorsal, todas as persoas participantes deberán acreditar a súa identidade á hora de recoller o dorsal e, se é o caso, o chip, con calquera dos seguintes documentos oficiais:

- Federados/as: poderá recoller os dorsais un/unha representante da entidade deportiva que conte con autorización.
- Maiores de 14 anos: DNI ou outro documento oficial, ou licenza federativa.
- Menores de 14 anos: DNI ou libro de familia, e DNI do pai/nai/titor/a.

Facilitarase información detallada para cada unha das carreiras, das datas, lugares e horarios para a recollida dos seus correspondentes dorsais e chips para as persoas participantes non rexistradas no circuíto.

## DESCUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

### ART. 7. DESCUALIFICACIÓNS

A descualificación dun/dunha atleta na proba supón, ademais de non optar aos premios, a non puntuación no circuíto na dita proba, tanto individual como do equipo. Pode ser polos seguintes motivos:

- Deterioración física. Nestes casos a decisión será tomada pola organización da proba a pedimento dos servizos médicos da carreira, e a súa decisión será inapelable.
- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada á meta.
- Non atender as indicacións da organización ou xuíces/xuízas.
- Entrar fóra do horario de control previamente establecido, ou non realizar o percorrido completo.
- Non inscribirse na proba e participar nela con ou sen chip.



- Correr co dorsal ou chip doutra persoa. Ou con máis dun chip ademais do propio. Serán descualificadas as persoas implicadas.
- Os/as atletas federados/as non poderán competir con outro club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o/a atleta será descualificado/a automaticamente.
- Por condutas antideportivas ou contra o medio ambiente.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Equipos familiares e mixtos: aqueles equipos cuxos/as atletas vulneren as presentes disposicións regulamentarias, poderán ser expulsados/as do circuíto, coa retirada de premios e puntuacións que obtivesen.

## ART. 8. RECLAMACIÓNS

Establécese un prazo de 5 días hábiles a partir da realización da proba, para interpoñer calquera reclamación ou denuncia. A dita reclamación efectuarase ante o Comité Organizador enviando un correo a [carreraspopulares@coruna.gal](mailto:carreraspopulares@coruna.gal).

Unha vez examinada a denuncia, se o Comité Organizador o estima oportuno, comunicaráselle á persoa interesada, e daráselle o prazo improrrogable de 5 días hábiles seguintes á recepción para que esta conteste o devandito trámite de alegacións e achegue cantas probas considere oportunas.

Unha vez transcorrido o citado prazo, con ou sen presentación de alegacións, o Comité Organizador propondrá unha resolución.

O Comité Organizador resérvase o dereito de actuar de oficio cando concorran causas excepcionais que o aconsellen. Resultará o trámite igual que para as reclamacións ou sancións.

## ART. 9. CLASIFICACIÓN DO CIRCUÍTO

As clasificacións do circuíto e os seus premios serán **para as persoas inscritas especificamente no circuíto**. As persoas que participen en todas as carreiras, mais que non figuren inscritas no Circuíto Coruña Corre, non formarán parte da clasificación do mencionado circuíto.

Establécense as seguintes clasificacións ao finalizar o circuíto:

### INDIVIDUAIS:

- Por categoría -maiores e menores- (feminina e masculina)
- Absoluta (feminina e masculina)
- Persoas con discapacidade (feminina e masculina)

#### **COLECTIVAS:**

- Equipos Mixtos
- Familias
- Centros educativos ata Sub14 (volumen de participantes por centro, ponderado co número total de alumnado do centro).
- Centros educativos Sub16 e Sub18 (volumen de participantes por centro, ponderado co número total de alumnado do centro).

#### **CLASIFICACIÓNS INDIVIDUAIS:**

A puntuación de atletas de categorías **Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, 2, 3 e 4**, corresponderase co **posto de chegada na clasificación xeral absoluta**, sempre que a carreira transcorra de maneira conxunta. Se non fose así, terase en conta a clasificación de cada carreira.

A puntuación de atletas de categorías **Sub 18, Sub 16, Sub 14, Sub 12, Sub 10** corresponderase co **posto de chegada na clasificación de cada categoría**.

Para entrar na clasificación final do circuito será **obligatorio rematar 5** probas do total do circuito. En caso de finalizar máis probas, descartaranse automaticamente os peores resultados.

A persoa vencedora de cada categoría será aquela con menor suma de puntos, e en caso de empate teranse en conta:

- a) número de probas finalizadas
- b) maior número de mellores postos
- c) maior distancia en quilómetros percorridos
- d) en caso de empate xerado polos puntos anteriores, para o desempate terase en conta o posto da última carreira.

#### **Clasificación para persoas con discapacidade:**

Participarán todas as persoas con discapacidade rexistradas como tal no circuito, nas modalidades propias definidas no art.3, cunha clasificación propia.

#### **CLASIFICACIÓNS COLECTIVAS:**

##### **Clasificación Equipos Mixtos:**

Para que un equipo mixto puntúe nunha carreira, será preciso que finalicen a carreira polo menos tres atletas do equipo. A puntuación do equipo nesa carreira será o resultado de sumar os puntos alcanzados polos seus tres mellores integrantes, en cada unha das súas categorías de idade e xénero.

Para que o equipo mixto puntúe na clasificación final do circuito será necesario que o equipo teña puntuado en 5 carreiras como mínimo. En caso de participar en máis probas, computaranse os 5 mellores resultados.

O vencedor da clasificación de equipos mixtos será o que teña menor suma de puntos, e en caso de empate teranse en conta:

- a) número de probas finalizadas
- b) maior número de participacións individuais nas carreiras
- c) maior número de mellores postos

### **Clasificación familiar:**

Para que un equipo familiar puntué nunha proba será preciso que finalicen a proba polo menos dous/dúas atletas da unidade familiar, independentemente do sexo ou da categoría.

Na clasificación familiar, cada integrante do equipo obterá os mesmos puntos que o posto na clasificación por categorías o que se sumará e se dividirá entre o número de integrantes, coa excepción de Peques, que restarán 1 punto por cada participación ao resultado da operación anterior.

Procederáse como se indica no exemplo: equipo familiar formado por home sénior, muller sénior e 1 peque: un 3.º na súa categoría; un 21.º na categoría na que participe  $(3+21)/2=12$ , restamos o punto do Peque e temos 11 puntos que suma o equipo.

Para entrar na clasificación final do circuíto cada equipo familiar debe finalizar 5 probas, e computarán en todo caso os 5 mellores resultados.

O equipo vencedor da clasificación familiar será o equipo con menor suma de puntos, e en caso de empates teranse en conta:

- a) número de probas finalizadas
- b) maior número de participacións individuais nas carreiras
- c) maior número de mellores postos
- d) equipos mixtos ou femininos sobre equipos masculinos

### **Clasificación participativa para centros educativos ata Sub14 e ata Sub18**

Para a puntuación por centros educativos, terase en conta a participación dos/as menores que na súa inscrición indicasen o centro no que actualmente están matriculados/as, e estableceranse dúas clasificacións, unha ata a categoría Sub14 e outra ata a categoría Sub18.

Trátase dunha clasificación basicamente participativa, na que cada atleta sumará un punto para o seu centro con cada participación. Os/as alumnos/as rexistrados/as que participen nesta categoría puntuarán tamén como individuais no club ao que pertencen, categoría individual e/ou equipo.

Para entrar na clasificación final do circuíto cada centro educativo deberá finalizar 5 probas aínda que puntuarán as 7 que integran o circuíto.

A participación de cada centro educativo en cada carreira terá a ponderación segundo o número total de alumnado do centro, co fin de que todos eles participen en igualdade de oportunidades sen depender do tamaño do centro.

## **ART.10. PREMIOS**

### **PREMIOS PARA CADA CARREIRA**

- As tres primeiras persoas clasificadas en cada carreira das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, 2, 3 e 4 e modalidades de discapacidade recibirán unha medalla no podio da entrega de premios.

- Na categoría Peques, entregarase unha medalla de participación a todas as persoas participantes ao chegar á meta. Non subirán ao podio.
- Anunciaranse por megafonía a localización e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean dispoñibles para o público.
- As persoas premiadas deberán situarse na zona próxima da entrega cando se anuncie por megafonía o seu inicio, ademais de estar pendentes do momento en que cada categoría sexa reclamada para a dita entrega.
- Poderán subir ao podio, única e exclusivamente, as persoas premiadas.
- Agradecemoslles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non está presente que avisen da falta na zona da entrega de premios, para evitar esperas innecesarias.
- Con carácter xeral, quen non se presente á recollida do seu premio no momento da entrega, perderá o dereito a recollelo.
- Quen poida alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberá contactar co Servizo Municipal de Deportes no prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

### **PREMIOS DO CIRCUÍTO**

Con independencia dos trofeos e premios que a organización estableza para cada unha das carreiras integrantes do circuítu, realizarase unha **gala de entrega de premios do circuítu** na que se entregarán os trofeos correspondentes, e cantos premios e agasallos correspondan; para iso fixarase unha data e un lugar, do que se informará a través da web [www.coruna.gal/carreraspopulares](http://www.coruna.gal/carreraspopulares) ou no correo electrónico facilitado no momento da inscrición.

**Trofeos na gala:** entregaráselles un trofeo ás tres primeiras persoas clasificadas de todas as categorías, excepto a categoría Peques:

#### INDIVIDUAIS:

- Por categoría –maiores e menores- (feminina e masculina)
- Absoluta (feminina e masculina)
- Persoas con discapacidade (feminina e masculina)

#### COLECTIVAS:

- Equipos mixtos
- Familias
- Centros educativos (participativa): ata Sub14 (participativa) e ata Sub18 (participativa)

**Premios especiais:** a organización poderá establecer tantos premios especiais como considere. Para iso contactará coas persoas destinatarias dos devanditos premios con antelación.

### ART. 11 CONDICIÓNS XERAIS

- A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou propor a modificación das bases, circunstancias que lles serán comunicadas ás persoas participantes coa suficiente antelación.
- A inscrición no Circuito de Carreiras Populares “Coruña Corre” non supón ningún dereito nin privilexio respecto ás condicións esixidas na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada participante terá que aterse e aceptar as bases que regulen as competicións de cada unha das probas que o integran.
- Todas as persoas participantes rexistradas e, no caso de menores de idade, o seu pai/nai/titor/a, declaran que son certos os datos achegados. No caso que se detecte falsidade nos citados datos, o/a participante causará baixa sen dereito a devolución do prezo aboado.
- Coa inscrición, toda persoa participante, e de ser o caso quen ostente a garda e custodia e a súa tutela, fai constar que non padece ningunha enfermidade que a incapacite para a práctica da carreira e que para este efecto realizou o oportuno recoñecemento médico.
- Todas as persoas participantes no circuito, polo feito de participar nunha carreira que o conforme, aceptan as presentes bases e a de cada unha das probas, formalizando a inscrición con todos os dereitos e obrigas que lle corresponden. Esta condición é de idéntico cumprimento para quen se inscriba a carreiras de forma illada.
- Respecto a cada carreira, a organización publicará un anexo correspondente con toda a información concreta (horarios, distancias, entrega de dorsais e chips, servizos complementarios: gardarroupa, duchas etc.). Poderán establecerse tempos de corte nas carreiras do circuito que serán indicados especificamente.
- Unha vez comezado o circuito, non se poderán realizar cambios nos equipos, e o/a atleta terá que terminar o circuito co equipo elixido na súa inscrición.
- Nestas carreiras pedestres, aínda que non son marchas paseo, un/unha atleta pode camiñar para recuperarse e continuar a súa carreira, mais se algunha persoa participante vai camiñando de forma continuada poderá ser retirada dela a criterio da organización.
- As persoas participantes que, durante o transcurso dunha proba, circulen fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin da carreira, consideraranse para todos os efectos usuarias normais da vía.
- En canto ao servizo de avituallamento, a organización asegurará a existencia de auga ou outros líquidos apropiados para a práctica deportiva, para todas as categorías, que estará situado nun lugar visible despois da meta.
- Os/as atletas que estean sancionados/as por dopaxe non poderán optar a trofeos, agasallos, nin a clasificación en ningunha das probas que compoñen o circuito, nin á clasificación final do circuito.
- O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- Estas carreiras están suxeitas ao Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, publicado no BOE núm. 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública (modificado o 17/03/2021), e Real decreto 849/1993, do 4 de xuño do 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes, incluídos os seguros obrigatorios deportivos.

- Todas as carreiras estarán subscritas ao seguro de responsabilidade civil do Concello da Coruña, regulado polo Real decreto 1507/2008, do 12 de setembro (última actualización publicada o 24/11/2009), para todos os vehículos municipais que interveñan no circuito segundo a Disposición Adicional segunda e demais normativa de aplicación.
- Todo o non reflectido no presente regulamento rexerese polas normas da FGA, RFEA e WA.

## ART. 12. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

Toda a publicidade e información oficial relativa ao circuito, así como inscricións e clasificacións, estará dispoñible na web: [www.coruna.gal/carreraspopulares](http://www.coruna.gal/carreraspopulares). A organización non se responsabiliza da información que poida existir en calquera outra web.

Mediante a inscrición, o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña para comunicacións sobre as súas actividades.

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións.

Toda persoa participante, ao realizar a inscrición, acepta a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet, e autoriza a toma de imaxes co fin de utilizalas para a promoción e difusión das ditas actividades, así como a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (praza de María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada lei orgánica.



EN 2023

# A XENTE DOS BARRIOS

## CORRE NA CORUÑA

X EDICIÓN

XI CARREIRA POPULAR ↳ TORRE DE HÉRCULES	<b>18.03</b>	XIV BAIXADA POPULAR DE CROSS ↳ SAN PEDRO DE VISMA	<b>07.05</b>	X CARREIRA POPULAR ↳ OS ROSALES	<b>21.05</b>
VII CARREIRA POPULAR ↳ MATOGRANDE	<b>25.06</b>	X CARREIRA POPULAR ↳ VOLTA A OZA	<b>10.09</b>	IX CARREIRA POPULAR ↳ VENTORRILLO	<b>22.10</b>
		XI CARREIRA POPULAR ↳ NOVO MESOIRO	<b>26.11</b>		

[www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares)

